



## O Parlamento de Galicia concede a súa medalla á “Comisión dos 16” que elaborou o anteproxecto do vixente Estatuto de Autonomía

- A proposta foi acordada pola Mesa da Cámara a proposta do presidente, Miguel Ángel Santalices Vieira
- O órgano de goberno da Cámara estima que este recoñecemento “resulta ineludible” na conmemoración do 35 aniversario do Parlamento de Galicia, na medida en que o poder lexislativo galego emana do Estatuto de Autonomía

**Santiago, 10 de febreiro de 2017.**- O Parlamento de Galicia concederá a súa medalla aos integrantes da denominada “Comisión dos 16”, autores do anteproxecto do vixente Estatuto de Autonomía de Galicia. O acordo foi adoptado pola Mesa da Cámara, por proposta do presidente, Miguel Ángel Santalices Vieira, na reunión do pasado 6 de febreiro. A entrega das distinción terá lugar o vindeiro 6 de abril, coincidindo co 36 aniversario da promulgación do Estatuto.

A Asemblea de Parlamentarios Galegos, constituída o 25 de xullo de 1977 e que de acordo co artigo 151 da Constitución Española de 1978 tiña as competencias para elaborar e aprobar o Proxecto de Estatuto de Autonomía, acordou, posteriormente, designar unha comisión composta por dezaseis representantes de partidos, con e sen representación parlamentaria, para elaborar un primeiro texto. Nesta comisión, oito dos seus membros pertencían a UCD, dous ao PSOE, dous a AP, un ao PCG, un ao POG, un ao PG e un ao PTG.

A primeira reunión da “Comisión dos 16” celebrouse o 10 de xaneiro de 1979 e en tres meses concluíron o encargo recibido. O 9 de abril de 1979 entregaban ao entón presidente da Xunta preautonómica, Antonio Rosón, o anteproxecto de estatuto que sofría diferentes

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia

Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.gal



modificacións antes de ser sometido a referendo o 21 de decembro de 1980.

## **Recoñecemento ineludible**

A Mesa da Cámara galega considera que a contribución destas 16 persoas -convocadas a través dunha circular da Xunta de Galicia datada o 4 de xaneiro de 1979-, e a de todas as demais que colaboraron e participaron nos traballos da Comisión, "resulta ineludible" na conmemoración do 35 aniversario do Parlamento de Galicia, na medida en que o poder lexislativo galego emana do Estatuto de Autonomía.

## **Integrantes da “Comisión dos 16”**

- 1- D. Luis Cordeiro Rodríguez, por UCD de Lugo (\*)
- 2- D. Víctor Vázquez Portomeñe, por UCD de Lugo
- 3- Dna. Lutgarda García Boente, por UCD de A Coruña
- 4- D. Pablo González Mariñas, por UCD de A Coruña
- 5- D. Manuel Reimóndez Portela, por UCD de Pontevedra (\*)
- 6- D. Pablo Padín Sánchez, por UCD de Pontevedra
- 7- D. Ramón Álvarez Cid, por UCD de Ourense
- 8- D. Juan Manuel Álvarez Ramos, por UCD de Ourense (\*)
- 9- D. Francisco Puy Muñoz, por AP
- 10- D. Manuel Vázquez Río, por AP (\*)
- 11- D. Indalecio Tizón Covelo, polo PSdeG-PSOE (\*)



- 12- D. José Vázquez Fouz, polo PSdeG-PSOE
- 13- D. Anxo Guerreiro Carreira, polo PCG (\*)
- 14- D. Luis Sobrado Fernández, polo PG
- 15- D. Camilo Nogueira Román, polo POG
- 16- D. Fernando Solla Fernández, polo PTG

(\*) Recibirán a Medalla do Parlamento a título póstumo.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.